

# GUÍA PARA O CURSO 2020-21

EEI DOS ÁNXELES

**RESUMO DOCUMENTOS COVID-19**

# PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID PARA O CURSO 2020-21

Documentos íntegros dispoñibles na páxina web do centro.

- Plan de adaptación.
- Plan de acollida.
- Plan de continxencia

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eeianxeles/>

*É RESPONSABILIDADE  
DE TODA A  
COMUNIDADE  
EDUCATIVA CUMPRIR  
CON ESTE  
PROTOCOLO*



---

# **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVAS**

NORMAS DE FUNCIONAMIENTO

## ★ INTERACCIÓN ÚNICAMENTE CO GRUPO.

Non haberá actividades interaulas. Cada grupo limita a relación aos seus compañeiros/as de aula.

## ★ DISTRIBUCIÓN ESPACIAL.

Alumnado con separación nas aulas e con espazos acotados. Os recreos serán por aulas.

## ★ MÁSCARA, HIXIENE e VENTILACIÓN.

Frecuente hixiene de mans, desinfección de material e uso altamente recomendado de máscara para o alumnado e obrigatorio para o profesorado .  
Ventilación frecuente e rexistrada e reforzo do servizo de limpeza.

# MEDIDAS GRUPOS ESTABLES (Grupo aula).

- ★ Hixiene de mans (mínimo 5 veces na mañá).
- ★ Emprego de máscara altamente recomendable para o alumnado.
- ★ Espazo diferenciado para o seu material e de uso exclusivo.
- ★ O alumnado deberá traer unha máscara de reposto na súa mochila e unha bolsa de tea ou papel para colgala na mesa.
- ★ Mínimos desprazamentos. As especialistas acudirán ás aulas e permanecerán coas máscaras.
- ★ As aulas ventilaranse como mínimo 15min antes do inicio das clases, ao finalizar, durante o recreo e cando saian os especialistas.
- ★ Terán baños diferenciados para cada aula aos que só poderán ir de un en un e agardarán fóra se hai outro neno/a dentro.

- Non se permitirá o acceso ao centro para as familias agás para ir a dirección, a unha titoría que sexa necesario a súa realización presencial e sempre con **cita previa**. Permitirase o acceso cando sexa requerida a súa presenza por parte do centro, como pode ser para ir cambiar ao alumnado.
- Soamente se permitirá o acompañamento dun adulto quen deberá portar máscara e circular seguindo o camiño sinalado polas frechas.
- Haberá unha primeira reunión inicial cos tutores e titoras para informar ás familias do inicio do curso, que será telefónica para o alumnado de 4º de EI e por videoconferencia para o alumnado de 5º e 6º de EI.

# ENTRADAS E SAÍDAS DIFERENCIADAS

## ❑ Entradas De 9.10 a 9.25h.

Alumnado aula amarela e aula verde: accederá ao recinto escolar pola cancela do patio. Seguirán o camiño sinalado polas frechas ata chegar á porta vermella que dá acceso á aula amarela ou á porta vermella principal pola que accederá o alumnado da aula verde.

Alumnado aula azul e aula rosa accederá ao recinto escolar pola cancela principal (a que está enfrente a carballeira). Seguirán o camiño sinalado polas frechas ata chegar á porta vermella que dá acceso á aula azul ou á porta vermella principal pola que accederá o alumnado da aula rosa.

## ❑ Saídas: de 14:10 a 14:20

## ❑ Usuarios do comedor: a partir das 15.10 ata as 15:30

As saídas realizaranse polo mesmo sitio que a entrada, excepto os usuarios de comedor que sairán pola porta principal independentemente de que aula sexan.

Nas entradas o alumnado deixará a mochila e abrigo no seu casilleiro e lavará as mans antes de acceder á aula.



# RECREOS EN GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

## QUENDAS DE RECREO

- De 11:00 a 11:25 sairá a aula verde.
- De 11:35 a 12:00 sairá a aula azul
- De 12:05 a 12:30 sairá a aula rosa
- De 12:35 a 13:00 sairá a aula amarela

Cada grupo estable de convivencia sairá por separado ao recreo acompañados de 2 docentes.

As merendas poderán ser na aula ou no exterior, dependendo da climatoloxía e recursos humanos do centro nese horario. Cada aula realizaraa nun momento diferente.

Antes de saír ao patio e ao entrar na aula lavaranse as mans.

# **PLAN DE CONTINXENCIA**



# MEDIDAS DE PREVENCIÓN NA CASA

Para a detección precoz no alumnado os seus pais/nais/titores/as legais realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a súa ausencia. Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que xa se enviou por email e que se entregará o primeiro día de clase unha copia en papel (tamén está nos Anexos do plan de adaptación) que debe facerse cada mañá na casa antes de ir para o centro.

Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os/as proxenitores ou titores/as non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra de referencia. A continuación chamarán ao centro para comunicar a situación.

# ESPAZO DE ILLAMENTO

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo, que está situado nun baño da primeira planta, contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal, máscaras, pantalla de protección, bata impermeable, xabón, lavabo e panos desbotables.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado no centro.

# XESTIÓN DOS ABROCHOS

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a **información dos contactos estreitos do afectado/a**, entre eles o compañeiros/as de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do comedor escolar, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais.
- Tras a aparición dun caso confirmado de COVID19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria que en función do número de contaxios poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos, dun grupo ou de todo o centro.

# ENSINO NON PRESENCIAL

No caso de ter que interromper as clases, ben do grupo, ben dun alumno/a ou grupo de alumnos/as; o profesorado continuará a súa atención docente tal e como se contempla no Plan de Adaptación ao contexto de COVID19 e nas programacións didácticas para os que poderá empregar as seguintes ferramentas.

- Atención telemática e/ou telefónica.
- ABALAR MÓBIL
- Web do centro.
- Correo corporativo.

# RESUMO PROGRAMA DE ACOLLIDA

1. Reunións explicativas (non presenciais) antes do inicio de curso.
2. Cambios nas NOFC
3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
4. Formación en competencia dixital
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais.

**Grazas polo bo cumprimento  
do Plan de Adaptación á  
situación COVID- 19.**

**Calquera suxerencia será sempre ben  
recibida polo Equipo COVID, analizada e  
incorporada a este plan. Recordamos  
que este documento irá cambiando e  
adaptándose á situación social de cada  
momento.**

